

Familias!!

Desexo que tivérades unha fermosa fin de semana! Envíovos moita moita enerxía positiva para comezar unha nova semana 😊

Comparto convosco novas propostas para que fagades cos vosos pequenos e pequenas.

- BANDEXAS DE VIDA PRÁCTICA. Nesta ocasión preséntovos unha actividade da vida práctica para levar a cabo eles sós. Pelar a pel dun cabaciño, cenoria... como sempre, presentarémolo o máis bonito e limpo que poidamos para traballar a orde e a beleza. Comezaremos nós para que vexan cómo se fai e seguirán eles. Unha vez pelado o cabaciño presentarémolles un coitelo apropiado para eles e poderán córtalo en láminas. Traballarán a coordinación óculo-manual, a concentración, coñecemento do medio e dos alimentos que nos rodean, traballo coa man dominante e a autonomía.





- **PINTAMOS CON ALGODÓN.** Para esta proposta precisaremos algodón e pinzas da roupa. Faremos varias boliñas co algodón e poñerémoslles a cada boliña unha pinza, votaremos diferentes cores e terán que estampar libremente. Disfrutarán da súa creatividade e da súa imaxinación! ☺



Desexo que teñades unha bonita  
semana!



María